



## ANUNCIO.

**PROCESO SELECTIVO POLO SISTEMA DE OPOSICIÓN PARA O ACCESO EN PROPIEDAD DE DÚAS PRAZAS DE ORDENANZAS, PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, UNHA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE ORDINARIO (OEP 2018) E UNHA EN QUENDA DE ACCESO LIBRE RESERVADO A PERSOAS CON DISCAPACIDADE (OEP 2017), QUE SE REXE POLAS BASES ESPECÍFICAS APROBADAS POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE LUGO Nº 9/48, NA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O TRES DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTEUN.**

O Tribunal cualificador da convocatoria do referido proceso selectivo mediante o sistema de oposición para o acceso en propiedade de dúas prazas de Ordenanzas, pertencentes o cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, unha en quenda de acceso libre ordinario (OEP 2018), e unha en quenda de acceso libre reservado a persoas con discapacidade (OEP 2017), que se rexen polas bases específicas aprobadas polo acordo nº 9/48 da Xunta de Goberno Local deste Concello na súa sesión do 3.02.2021, **acordou convocar os opositores que superaron o segundo exercicio do referido proceso selectivo e que non acreditaron no seu día o coñecemento da lingua galega mediante a presentación do correspondente certificado, para a realización do exercicio de coñecemento da lingua galega, que terá lugar o próximo día 9 de agosto de 2.023, as 10:30 horas, nas dependencias do Edificio de Novas Tecnoloxias, sito na Praza Angel Fernández Gómez s/n, de Lugo.**

Na realización deste exercicio e na súa valoración haberá que terse ao disposto na base décimo cuarta letra C das bases xerais para o acceso en propiedade a prazas de funcionarios e persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda libre.

Lugo 7 de agosto de 2023.

O Secretario do Tribunal.

Asdo.: Justo Díaz Rodríguez.